

13. A crise da Restauración: a quebra do sistema, a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.

O sistema da Restauración implantado por Cánovas del Castillo, vai entrar en crise desde finais do s. XIX, coincidindo co reinado de Alfonso XIII.

O **desastre do 98**, coa perda de Cuba Porto Rico e Filipinas, provocou un descontento xeral na poboación do país, é considerado como o momento inicial da Crise da Restauración, crise que terá o seu punto álxido en 1909, durante a Semana Tráxica, cando se combinan os distintos factores que favorecen a desarticulación do sistema. Por outra banda, a neutralidade española durante a 1ª Guerra Mundial, 1914-1918 aportou unha etapa de prosperidade económica para a maioría dos sectores industriais. Esta prosperidade, sen embargo, ven acompañada dun grave problema de carestía, fundamentalmente dos produtos de primeira necesidade, que golpea a amplas capas sociais e especialmente ós traballadores.

En canto ós factores que favorecen a desarticulación do sistema canovista, Destacan:

O **rexeneracionismo** que foi a corrente intelectual, política e literaria que impregnou a vida pública española que buscou facer un análise crítico da situación de España e dos seus males. O máximo representante o temos en Joaquín Costa Na súa obra “Oligarquía e Caciquismo” fai unha crítica ós principios básicos do Sistema da Restauración, á corrupción dos Partidos dinásticos e á práctica común do fraude electoral. Defenderá a transformación e modernización do campo español e ideou un programa para renovar o Estado o lema é “Escola e despensa”. Entre as medidas que propuña está a reforma da educación, o abaratamento de alimentos básicos, o subministro de terras cultivables ou a regulación dos contratos de traballo.

Neste contexto de crise e revisionismo iniciou Afonso XIII o seu reinado no 1902, amosando dende o comezo unha forte inclinación por intervir nos asuntos políticos e ser un gran defensor da institución do Exército. O período comprendido entre 1902 e 1923 caracterizarase por unha permanente inestabilidade política. Nese momento prodúcese a **fragmentación dos 2 partidos dinásticos, tras a morte dos dous líderes**: Cánovas e Sagasta. Os novos líderes do Partido Conservador (Silvela, Maura, Dato...) e do Partido Liberal (Moret, Canalejas...), ven imposible aglutinar as distintas correntes, debido fundamentalmente ás rivalidades entre os principais líderes, máis persoais que políticas. Doutra banda, **os intentos de rexeneración do Sistema de Maura** (reforma electoral e da administración local) e de Canalejas (Lei do cadeado) **resultaron fracasados** pola oposición dos sectores máis conservadores.



Paralelamente, **a oposición**, marxinal do sistema canovista, **foi recollendo cada vez máis apoios** así como a contestación social cara o réxime por parte das clases medias e os xornaleiros: a conflitividade laboral do movemento obreiro foi crescendo; os partidos republicanos acadaron moita forza co Partido Radical; o PSOE obtén representación no parlamento e os anarquistas seguiron ensanchando as súas bases de apoio; en Cataluña, País Vasco e Galicia fixeron a súa aparición os partidos nacionalistas; e a maiores aumentaron en influencia as correntes anticlericais.

Outro dos factores que inflúen na crise do sistema da Restauración é o **papel crecente do exército na política**. Tras o desastre de 1898, a problemática dentro do exército agudízase ó poñerse de manifesto a evidencia da súa situación. Un exército mal dotado, pouco moderno... que ten a súa imaxe desprestixiada pola derrota de 1898 e tamén pola discriminación social, pois ata 1912 (Lei de recrutamento de Canalejas) so cumprían o servizo militar as clases sociais máis desfavorecidas. Xunto coa defensa exterior, o exército asumirá un novo papel: o control do orde público. O exército combaterá ós “inimigos interiores”, é dicir, os que representan unha ameaza ó orden social, as organizacións do proletariado, socialistas e anarquistas, e ante a ameaza da unidade da patria, do “separatismo” ante o desenvolvemento dos nacionalismos periféricos, sobre todo o catalán. Os militares acusarán ó goberno e ás Cortes de debilidade fronte ó espallamento do movemento obreiro e do nacionalismo e constituiranse en garantes do orde social e político. Como medio de intervención, o exército vai **substituír o pronunciamento por motíns, insubordinacións**. Entre a oposición ao sistema e entre gran parte da opinión pública xeneralizouse unha forte crítica contra o exército, o que causou un forte malestar entre os militares que foron aumentando o seu resentimento. O enfocaron cara as autoridades, os partidos, a prensa, a sociedade civil e os nacionalismos periféricos, amosando posicións cada vez máis conservadoras e autoritarias en defensa dos seus intereses, da orde fronte o movemento obreiro, e da unidade da patria fronte os nacionalismos. O punto álxido chegou no 1905, cando uns oficiais da guarnición de Barcelona asaltaron varias redaccións de prensa (revista satírica **Cu-Cut**, xornal La Veu de Catalunya) nas que se defendía o catalanismo e criticábase ao exército.

Ante esta situación o Goberno non se atreveu a castigar aos oficiais e aprobou, co apoio do monarca, a nova **Lei de xurisdicións de 1906** pola que se sometía a xuízo e ao código militar os delitos de opinión e obra que fosen contra a unidade da patria e conta o exército, de tal xeito que o poder militar impúxose ao poder civil, corrompendo así os principios de Cánovas.



Joaquín Costa.



Ley de jurisdicciones. 1906.
Art. 2.º Los que de palabra o por escrito, por medio de la imprenta, grabado, estampas, alegorías, caricaturas, signos, gritos o alusiones, ultrajaren a la Nación, a su bandera, himno nacional u otro emblema de su representación, serán castigados con la pena de prisión correccional. En la misma pena incurrirán los que cometan iguales delitos contra las regiones, provincias, ciudades y pueblos de España y sus banderas o escudos.
Art. 3.º Los que de palabra o por escrito, por medio de la imprenta, grabado u otro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas... injurien u ofendan clara o encubiertamente al Ejército o a la Armada o a instituciones, armas, clases o cuerpos determinados del mismo, serán castigados con la pena de prisión correccional. Y

Ante o desprestixio do exército e do propio Estado polo desastre do 98, a estratexia político-militar foi iniciar unha guerra en Marrocos coa que España sumábase ao “reparto de África”. Tras unha grave derrota no 1909 no Barranco do Lobo e para salvar as posicións de España en Marrocos, o Goberno, presidido por Antonio Maura mobilizou reservistas para o seu traslado. O embarque destas tropas en Barcelona provocou o inicio dunha folga xeral convocada por socialistas e anarquistas contra a xestión do Goberno e a guerra de Marrocos. A folga foi un éxito e a protesta radicalizouse ata chegar á construción de barricadas nas rúas da cidade condal e á queima de igrexas e conventos (Semana Tráxica de Barcelona). A dura represión provocou importantes protestas, a saída do goberno forzada por Alfonso XIII e a reagrupación das forzas opositoras á monarquía: creouse unha conxunción electoral republicano-socialista, e os anarquistas fundaron a Confederación Nacional dos Traballadores (CNT).

A neutralidade española durante a 1ª Guerra Mundial, 1914-1918 aportou unha etapa de prosperidade económica para a maioría dos sectores industriais por mor da substitución das importacións e a exportación de produtos ós países belixerantes. Esta prosperidade, sen embargo, ven acompañada dun grave problema de carestía, fundamentalmente dos produtos de primeira necesidade, que golpea a amplas capas sociais (os produtos de 1ª necesidade entre 1914 e 1918 crecen arredor do 70%). “Contra a carestía” será a reivindicación máis significativa da época.

A TRIPLA CRISE DE 1917

A inflación e a escaseza de artigos básicos, xunto cos acontecementos revolucionarios en Rusia, axudaron a impulsar en España 3 movementos que aínda que comparten a crítica ó sistema político da Restauración, a crítica ó caciquismo e uns principios próximos ó Rexeneracionismo, amosan obxectivos distintos e incluso contraditorios.

En xuño prodúcese un conato de rebelión militar por parte das Xuntas de Defensa na defensa dos seus intereses. A debilidade do poder civil foi vista como unha ocasión propicia para acadar os seus obxectivos tanto por parte dos partidos políticos alleos ó sistema, catalanistas e republicanos, como por parte das organizacións obreiras, socialistas e anarquistas. En xullo, en Barcelona, A Lliga Regionalista convocou unha Asemblea de Parlamentarios disidentes coa intención de conformar unhas Cortes Constituíntes. No mes de agosto, socialistas e anarquistas convocaron conxuntamente unha Folga Xeral Revolucionaria co fin de derrocar a Monarquía e instaurar a República.

AS XUNTAS DE DEFENSA:

A situación do exército durante a 1ª Guerra Mundial é difícil. Empézase a notar as diferenzas entre os militares africanistas, que contan co favor do Rei e que acceden os ascensos por méritos de guerra, e os militares peninsulares, privados desta posibilidade e que defenden o ascenso exclusivo por antigüidade.

En 1916 militares de infantaría crean unha Xunta Central de defensa para denunciar a incidencia da inflación no deterioro do seu nivel de vida, para a petición de ascensos por criterios de antigüidade, así como para salvaguardar ó exército das críticas antimilitaristas e propoñer unha dura represión contra os “inimigos da patria e do exército”, é dicir socialistas, anarquistas e separatistas.

Cando o goberno quixo disolvelas, os dirixentes rebeláronse e foron encarcerados. Membros das Xuntas de Barcelona presentaron un ultimato ó Capitán Xeral de Barcelona, ameazando con usar a forza se non se liberaban os presos e non se recoñecían as Xuntas. O Rei acabará por poñerse ó lado dos militares, o goberno liberal de García Prieto foi substituído por un conservador presidido por Dato que aprobou as Xuntas.

A ASEMBLEA DE PARLAMENTARIOS. BARCELONA. A crise das Xuntas deixara clara a debilidade do poder civil e dos gobernos liberais, o desprestixio do Rei pola intromisión na vida política, e a fragmentación dos partidos dinásticos. Suspendidas as garantías constitucionais, as Cortes pechadas e baixo unha rixida censura de prensa, a confusa situación vai ser aproveitada por Francesc Cambó, líder da Lliga Regionalista, propón a formación dunha Asemblea de Parlamentarios para reclamar a apertura de Cortes para reformar o sistema cara á democracia e a autonomía para Cataluña.

O goberno non aceptou (xustificouse con que so o Rei podía convocar as Cortes) ante esta resposta, os parlamentarios cataláns invitaron a todos os parlamentarios españois a unha Asemblea extraordinaria a celebrar en Barcelona o 19 de xullo. Aínda que o ministerio a prohibiu, acudiron a Asemblea de parlamentarios un 10%, uns 71 de 760, onde estaban exclusivamente catalanistas, republicanos e socialistas. A Asemblea propoñía a convocatoria dunhas Cortes constituíntes por un goberno de concentración, co fin de rachar co sistema bipartidista da Restauración.

A proposta da Asemblea de Parlamentarios vai fracasar pola falta de apoio e as divisións internas que se porán de manifesto ante a convocatoria da folga xeral revolucionaria. A Lliga, partido burgués, temerosa da revolución social, abandonou as súas pretensións e achegouse ós partidos dinásticos cos que acabará colaborando en futuros gobernos de concentración.



A FOLGA XERAL REVOLUCIONARIA.

En 1917, o triunfo da Revolución Rusa e as crises do exército e parlamentarios propiciaron o recurso á folga xeral revolucionaria por parte do proletariado, gravemente afectado pola carestía. Parecíalle claro ó proletariado a posibilidade real dunha revolución tamén en España. Aínda así a visión de anarquistas e socialistas eran totalmente distintas. A CNT pretendía unha Folga Xeral Revolucionaria indefinida que provocara a caída do Sistema Político e propiciara a anarquía. Os socialistas apuntaban, en colaboración cos republicanos, a unha revolución burguesa que representara o cambio de monarquía a república (tal como sucedera en Rusia na revolución de febreiro) e unhas Cortes Constituíntes. A UXT e o PSOE, coa colaboración de anarquistas e republicanos van anunciar unha folga xeral revolucionaria para 1917 (agosto).

A incidencia da folga non foi igual en todas partes. Foi maioritaria entre os traballadores de Madrid, Barcelona, Levante, País Vasco e Asturias.

Esta axitación social vai provocar entre a clase política e as clases altas da sociedade o recurso a distintos medios represivos como a militarización dos traballadores, a proclamación do estado de guerra ou a suspensión das garantías constitucionais. Para a represión da Folga o goberno utilizará ás Xuntas de Defensa, deste xeito consegue, ó mesmo tempo controlar o descontento militar e acabar co perigo revolucionario. Ante a forte e pronta represión, produciuse a volta rápida á normalidade, agás en Asturias, onde a folga continuou varias semanas.

As consecuencias da Crise de 1917 foron importantes: rematou definitivamente a quenda dos 2 partidos dinásticos: Os partidos da quenda fragmentáanse. Como novidade, A Lliga Rexionalista de Cataluña e o Partido Reformista de Melquiades Álvarez empezan a colaborar coa Monarquía e co sistema político. Os militares acadarán un notable protagonismo en política. Os militares van impoñer ós ministros da Guerra e, sempre co apoio do Rei, desobedecerán ordes das autoridades civís e terán un importante papel no mantemento do orde público. Ademais, tralo fracaso da Folga Revolucionaria, **remátase coa conxunción republicano-socialista e coa colaboración entre socialistas e anarquistas.**

Tralo remate da I Guerra Mundial a axitación social continuou, especialmente en 2 espazos xeográficos concretos, Andalucía e Barcelona. A experiencia da revolución rusa (exemplo a imitar polo proletariado, fundamentalmente para o anarquismo) e a crise económica debido ó desemprego e peche de industrias trala chegada da Paz, van influír na axitación social que se vai desenvolver entre os xornaleiros andaluces durante o Trienio Bolchevique (1918-1920) e os obreiros anarquistas barceloneses contra a patronal que, a partir da Folga de La Canadiense, derivará no fenómeno do pistoleirismo na Cidade Condal presente ata 1923.

FRAGMENTACIÓN DOS PARTIDOS DINÁSTICOS




Ante a falta dun liderado forte e único, a partir da crise de 1917, remátase con 40 anos de quenda e os partidos dinásticos escindíronse de forma acusada. Entre os conservadores van destacar os seguidores de Dato, De la Cierva e Maura; e entre os liberais os seguidores de García Prieto, Conde de Romanones e Santiago Alba. Mentres que Dato e García Prieto son partidarios de continuar coa quenda dos 2 partidos dinásticos, Maura e Romanones van defender outras fórmulas.

A partir deste momento formaranse **gobiernos de concentración** pluripartidista ou dun so partido(o Partido Conservador), que permitirán ensanchar as bases da monarquía constitucional, ó integrarse a Lliga catalanista e o partido Reformista de Melquiades Álvarez.

A inestabilidade dos gobernos de concentración deberase a imposibilidade de obter maiorías parlamentarias.

A tónica xeral dos gobernos entre 1917 e 1923 vai ser de inestabilidade gobernamental. Entre 1917 e 1923 producíronse 23 crises de goberno (4 eleccións e 12 gobernos nos que participaron 8 partidos ou faccións: Dato, Líder do partido **Conservador**, **Ciervistas**, **Mauristas**, **Lliga Regionalista**, García Prieto, líder do **Partido Liberal**, **Romanonistas**, **Izquierda Liberal**, liderada por Santiago Alba e o **Partido Reformista**.

En 1918 (tralas eleccións de febreiro, nos que foron elixidos 15 grupos parlamentarios, sen que ninguén se atrevese a formar goberno) formábase, forzado polo propio Rei (que ameaza con abdicar) un goberno de concentración "nacional", baixo o liderado de Maura no que se integrará a Lliga e que reunirá ás principais figuras políticas como García Prieto, Dato, Romanones, Cambó, Santiago Alba e que despertará expectativas favorables entre a opinión pública, pero que fracasará en 1919. A partir de aquí aparecerá o trío de goberno Cambó-Maura-Romanones. Como único medio de manterse, os sucesivos gobernos recorrerán con frecuencia á suspensión das Cortes e das garantías constitucionais (suprimidas entre 1919 e 1922).



O DESASTRE DE ANNUAL.



En 1921, tralo remate da 1ª Guerra Mundial, o xeneral Silvestre, favorito persoal do rei Afonso XIII, pretende levar adiante unha operación militar rápida en Marrocos na procura da conquista de Alhucemas, en prol de prestixio persoal e do propio exército (sen preparación, mal equipado, con moitos casos de corrupción), unha operación auspiciada e aplaudida polo propio Rei. Para asegurar o terreo, levanta un centenar e medio de “blocaos”, escasamente defendidos, sen auga e con escasas provisións. Unha vez chegado a Annual, as tropas rifeñas lideradas por Abd-el Krim atacaron ás tropas españolas, que na súa caótica retirada foron masacradas producíndose o desastre de Annual, con máis de 10.000 mortos en poucos días. O desastre dará lugar á apertura dun expediente de responsabilidades do desastre, o expediente Picasso, que ameazaba ó exército e ó propio Rei.

Golpe de Estado de Primo de Rivera: Ante a evidente división e ineficacia dos partidos políticos, a impopularidade e fracaso da guerra de Marrocos, as críticas ós militares e os duros enfrontamentos sociais, o Rei vai aparecer como o único garante da continuidade política. Partidario sempre do exército, implicado no desastre de Annual, e ante a inestabilidade política, Afonso XIII acabará por amosarse partidario dunha solución autoritaria.

A maioría dos historiadores pensan que Primo o que fai é matar un moribundo, un sistema da Restauración totalmente esgotado, cunha elite política desacertada, fracasados os intentos de reforma de Maura e Canalejas, cun caciquismo endémico, co fin da quenda de partidos, coa necesidade de rexeneración e con voces que demandan un cirurxián de ferro...

A actuación do goberno ó autorizar o pago do rescate dos oficiais que permanecían en mans de Abd-El-Krim e a investigación do expediente Picasso na busca de “responsabilidades” que significara o procesamento de ducias de oficiais, incluído o xeneral Berenguer, e que ameazaba coa implicación do propio Rei, supuxeron a animadversión do exército e que xurdira a posibilidade dunha intervención militar. Antes de que se presentaran as conclusións do expediente Picasso, en setembro de 1923, o xeneral Miguel Primo de Rivera lidera un golpe de Estado que establecerá unha ditadura militar.

Preséntase como un salvador da patria, o “cirurxián de ferro” que demandaban os rexeneracionistas, que co apoio dos “homes bos” porán fin a esta situación. O xeneral Primo de Rivera falou dun goberno de 90 días, sen embargo, a súa Ditadura durará máis de 6 anos.



Documentos

Joaquín Costa crítica o réxime canovista na súa obra Oligarquía y caciquismo (1901).

En conclusión:(...) o noso atraso a este respecto non é menor ca en ciencia e cultura, ca en industria, ca en agricultura, ca en milicia, ca en administración pública. Non é a nosa forma de goberno un réxime oligárquico, servido, que non moderado, por institucións aparentemente parlamentarias. Ou, dito doutro xeito, non é o réxime parlamentario a regra, e excepción delas os vicios e as corruptelas denunciadas na prensa e no Parlamento mesmo durante sesenta anos; ao revés, iso que chamamos desviacións e corruptelas constitúen o réxime, son a mesma regra.

Lei de Xurisdicións, Gaceta de Madrid, 24 de abril de 1906:

“DON ALFONSO XIII, pola graza de Deus e a Constitución Rei de España: A todos os que a presente viren e entenderen, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte: [...] Art.3º. Os que de palabra ou por escrito, por medio da imprenta, gravado ou outro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas ou alusións, inxurien ou ofendan clara ou encubertamente o Exército ou a Armada ou institucións, armas, clases ou Corpos determinados do mesmo, serán castigados coa pena de prisión correccional. [...]”

A Semana Tráxica segundo o relato do correspondente do diario El mundo en Barcelona.

Día 27 (...). Toda a noite pasada houbo tiroteos, con mortos e feridos nas rúas. Na barriada de San Andrés foi queimado o convento de Maristas. Acudiu forza de Veteranos (pois non hai tropas case na praza), sostendo un tiroteo, con mortos e feridos [...]. O Cárcere encóntrase cheo. Foron detidos moitos anarquistas. O terror fíxose dono de Barcelona. [...] Os farois, apagados nas barriadas por falta de gas. Hai moitas mulleres encarceradas. Desfila agora polas rúas unha manifestación capitaneada por mulleres. A Garda Civil é asubida e vitoreada a tropa.

Xunta de Defensa de Infantería

Art.1. Constitúese a Xunta de Defensa da Escala Activa da Arma de Infantería para traballar pola súa mellora e progreso, para maior gloria e poderío da patria; para defender o dereito e a equidade dos intereses colectivos e individuais dos membros dela desde a saída da Academia ata o emprego decoronel inclusive. (...) Outro dos seus fins é perseguir [...] por unha parte, os medios e facilidades para que poida adquirir e perfeccionar as aptitudes profesionais e, por outra parte, que mellore a súa situación económica

ASSEMBLEA DE PARLAMENTARIOS CATALÁNS. 5-7-1917 [

(...) A segunda (...) propoñía: 1º. Proclamar a necesidade de organizar un réxime de ampla autonomía administrativa de todos os municipios para que poidan desenvolverse con liberdade e respondan aos seus fins naturais. 2º. Proclamar así mesmo a necesidade de organizar un réxime de ampla autonomía administrativa das demais rexións españolas que contribúa ao desenvolvemento de todos os seus elementos compoñentes, sen mengua da unidade nacional

.COMITÉ DE FOLGA UXT-PSOE Manifiesto. 12-8-1917

Aos obreiros e á opinión pública: Chegou o momento de poñer en práctica, sen vacilación ningunha, os propósitos anunciados polos representantes da UXT e da CNT no manifesto subscrito por estes organismos no mes de marzo último [emprego da folga xeral indefinida]. (...) Pedimos a constitución dun goberno provisional que asuma os poderes executivos e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles dunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras dunhas Cortes constituintes que aborden, en plena liberdade, os problemas fundamentais da Constitución política do país. Mentres non se consiga este obxectivo, a organización obreira española está absolutamente decidida a manterse na súa actitude de folga

Arturo Barea. La Forja de un rebelde

Puf! Unha historia sucia, porque resulta que é el (O Rei) o responsable do desastre. Escribiulle a Silvestre ás agachadas de Berenguer, e díxolle que seguise adiante. Din mesmo que, cando Annual acababa de ser conquistado, lle mandou un telegrama a Silvestre que dicía: «Vivan os teus collóns!» e cando se lle falou da catástrofe e dos miles de mortos que había, dixo: «A carne de galiña é barata». Claro é que todos os reaccionarios están defendéndoo nas Cortes, pero os republicanos e os socialistas están pegando duro.